

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/20

CENTRO: CEIPP DE SIGÜEIRO
CURSO: 6º EP
MATERIA: TITORÍA
DATA: 13/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		LINGUA GALEGA
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
B1.1. Comprender textos orais diversos, procedentes da radio, da televisión ou da internet, interpretando as intencións explícitas así como as intencións, opinións e valores non explícitos.	LGB1.1.1. Comprende as ideas principais e secundarias dun texto oral, procedente da radio, da televisión ou de internet, identificando o tema e elaborando un resumo.	
B1.2. Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.	<p>LGB1.2.1. Identifica en documentos audiovisuais a información relevante, e valora os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.</p> <p>LGB1.2.2. Usa documentos audiovisuais como medio para obter, identificar, clasificar, comparar e relacionar informacións.</p>	
B1.4. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.	<p>LGB1.4.1. Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.</p> <p>LGB1.4.4. Participa activamente no traballo en grupo, así como nos debates.</p> <p>LGB1.4.5. Identifica o grao de formalidade da situación de comunicación e axusta a este a súa produción.</p>	
B1.5. Manter unha actitude de escoita activa, respectando as opinións dos e das demais.	LGB1.5.2. Respecta as opinións dos e das demais.	
B1.8. Elaborar textos propios dos medios de comunicación.	LGB1.8.1. Elabora textos propios dos medios de comunicación.	
B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e	LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.	

realizar inferencias determinando intencións e dúbidos sentidos.	LGB2.1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo, expositivo e argumentativo).
B2.2. Interpretar e comprender a información procedente de gráficos, esquemas e ilustracións.	LGB2.2.1. Interpreta e comprende a información de gráficos, esquemas, mapas conceptuais e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que a acompaña.
B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto, e esquematizar e resumindo seu contido.	LGB2.3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto. LGB2.3.2. Esquematiza as ideas dun texto, indicando as ideas principais e secundarias.
B2.4. Utilizar estratexias para mellorar a lectura.	LGB2.4.2. Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión integral, cando é preciso
B3.1. Usar as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, mediante notas, esquemas, guións ou mapas conceptuais. LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura clara, con coherencia e cohesionando os enunciados.
B3.2. Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación	LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, programas...
B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.	LGB3.7.1. Coida a presentación dos traballos escritos, en calquera soporte.

B5.2. Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.

LGB5.2.2. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles LENGUA CASTELLANA	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3. Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vocabulario preciso e estrutura coherente.	LCB1.3.4. Participa activamente e de forma construtiva nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida.
B1.6. Comprender o sentido global dos textos orais, recoñecendo as ideas principais e secundarias e identificar ideas ou valores non explícitos.	LCB1.6.1. Identifica o tema do texto. LCB1.6.2. Identifica as ideas principais dun texto. LCB1.6.3. Resume un texto distinguindo ideas principais e secundarias.
B1.10. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar activamente, recoller datos, preguntar e repreguntar, participar nas enquisas e entrevistas e expresar oralmente con claridade o propio xuízo persoal, de acordo coa súa idade.	LCB1.10.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita activa, recollida de datos, pregunta e repregunta, participación en enquisas e entrevistas, emisión de xuízo persoal.
B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.	LCB2.2.1. Entende a mensaxe de xeito global e identifica as ideas principais e as secundarias dos textos de diferente tipoloxía, do ámbito escolar e social, a partir da lectura dun texto en voz alta.
B2.4. Resumir un texto lido reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais e secundarias nos distintos tipos de textos.	LCB2.4.2. Elabora resumos de textos lidos e identifica os elementos característicos dos diferentes tipos de texto.
B3.1. Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas coidando a caligrafía, orde e presentación.	LCB3.1.2. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesivas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.
B3.6. Favorecer a través da linguaxe a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos.	LCB3.6.1. Expresa, por escrito, opinións, reflexións e valoracións argumentadas e usa, de xeito habitual, unha linguaxe non sexista.
B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso	LCB4.2.1. Identifica e usa as normas xerais da lingua.

da lingua.	
B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	LCB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles ÁREA: MATEMÁTICAS	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.4. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.	<p>MTB1.4.1. Propón a resolución de retos e problemas coa precisión, co esmero e co interese apropiado ao nivel educativo e a dificultade da situación.</p> <p>MTB1.4.2. Desenvolve e aplica estratexias de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios) para crear e investigar conxecturas e construír e defender argumentos.</p> <p>MTB1.4.2. Desenvolve e aplica estratexias de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios) para crear e investigar conxecturas e construír e defender argumentos.</p> <p>MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</p>
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	<p>MTB2.2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</p> <p>MTB2.2.2. Utiliza os números negativos en contextos reais.</p> <p>MTB2.3.2. Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.</p> <p>MTB2.3.3. Ordena fraccións aplicando á relación entre fracción e número decimal.</p>
B2.4. Utilizar as propiedades das operacións, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se usan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación e calculadora).	<p>MTB2.4.1. Coñece e aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 10.</p>

<p>B2.5. Utilizar os números enteiros, decimais, fraccionarios e as porcentaxes sinxelas para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.</p>	<p>MTB2.5.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións. MTB2.5.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.</p>
<p>B2.6. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado</p>	<p>MTB2.6.1. Calcula cadrados, cubos e potencias de base 10. MTB2.6.2. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número. MTB2.6.3. Realiza operacións con números decimais.</p>
<p>B2.9. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>MTB2.9.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construindo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso. MTB2.9.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.</p>
<p>B3.1. Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables.</p>	<p>MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.</p>
<p>B3.2. Operar con diferentes medidas</p>	<p>MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.</p>
<p>B3.4. Utilizar as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados en unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o</p>	<p>MTB3.4.3. Resolve problemas utilizando as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados nas unidades de medida máis axeitadas,</p>

proceso seguido e aplicándoo á resolución de problemas.	explicando oralmente e por escrito o proceso seguido.
B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB3.6.1. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.
B4.1. Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, xeometría, perímetro e superficie para describir e comprender situacións da vida cotiá.	MTB4.1.2. Identifica e representa ángulos en diferentes posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice... MTB4.1.3. Describe posicións e movementos por medio de coordenadas, distancias, ángulos, xiros...
B4.2 Coñecer as figuras planas; cadrado, rectángulo, romboide, triángulo, trapecio e rombo.	MTB4.2.1. Clasifica triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos, identificando as relacións entre os seus lados e entre ángulos. MTB4.2.2. Utiliza instrumentos de debuxo e ferramentas tecnolóxicas para a construción e exploración de formas xeométricas.
B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais... comunicando a información.	MTB5.1.1. Identifica datos cualitativos e cuantitativos en situacións familiares.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles ÁREA: CIENCIAS SOCIAIS.	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1.Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas) 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.1.1.Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, a analiza, obtén conclusións, reflexiona respecto ao proceso seguido e o comunica oralmente e/ou por escrito.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2.Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e como instrumento para aprender, e expresar contidos sobre Ciencias sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.2.1.Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados. ▪ CSB1.2.2.Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3.Desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.3.1.Emprega con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía axeitada aos temas tratados.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4.Realizar traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, amosando habilidade para traballar tanto individualmente como de maneira colaborativa dentro dun equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.4.1.Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6.Respecta a variedade dos diferentes grupos humanos e valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre todos eles sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.6.1.Valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre os diferentes grupos humanos sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos.
<p>B1.7.Participa dunha maneira eficaz e construtiva na vida social creando estratexias para resolver conflitos e empregando códigos de conduta xeralmente aceptados.</p>	<p>CSB1.7.2.Identifica e utiliza os códigos de conduta e os usos xeralmente aceptados nas distintas sociedades e contornos (escola, familia, barrio etc.)</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8.Valorar a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos, fomentando os valores democráticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.8.1.Valora a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos e fomenta os valores democráticos.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9.Desenvolver a creatividade e o espírito emprendedor aumentando as capacidades para aproveitar a información, as ideas e presentar conclusións innovadoras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.9.1.Amosa actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor que o fan activo ante as circunstancias que lle rodean. ▪ CSB1.9.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3.Identificar, localizar no tempo e no espazo e comprender os procesos e acontecementos históricos, políticos, sociais e culturais, máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución. 	<p>CSB4.3.6.Describe as características da sociedade española actual, e valora o seu carácter democrático e plural, así como a pertenza á Unión Europea.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4.Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB4.4.1.Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles MATERIA: CIENCIAS NATURAIS.	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízala, obtén conclusións, elabora informes para o rexistro de plan de traballo e comunica, de forma oral e escrita, as conclusións. ▪ CNB1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos. ▪ CNB1.1.4. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural como sobre os que ocorren cando se provocan a través dun experimento ou dunha experiencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións, identificando os criterios e as consecuencias das decisións tomadas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.3.1. Utiliza estratexias para estudar e traballar de forma eficaz, individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados. ▪ CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano e establecer algunhas relacións fundamentais entre elas e determinados hábitos de saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables e coñecendo as repercusións para a saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.3.1. Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento do funcionamento global do corpo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.3.5. Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utilizando os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados, comunicando de xeito oral e escrito os resultados.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles EDUCACIÓN ARTÍSTICA: PLÁSTICA	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Formular opinións cun criterio estético, oralmente ou por escrito, que expresen o respecto e a riqueza das achegas que ofrecen as manifestacións artísticas (plásticas, visuais ou musicais), apreciando as texturas, as formas, as liñas, as medidas e as cores.	EPB1.1.6. Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos. EPB1.1.1. Observa e explica aspectos, calidades e características das obras artísticas seguindo un protocolo.
B1.2. Aproximarse á lectura, a análise e a interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo de maneira crítica o significado e a función social, con capacidade para elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.	EPB1.2.4. Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando a posteriori a adecuación do encadramento ao propósito inicial. EPB1.2.1. Analiza de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada imaxes fixas atendendo ao tamaño, ao formato e aos elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función).
B2.1. Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis axeitadas para a realización da obra prevista.	EPB2.1.1. Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso. EPB2.1.2. Fai composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, alegría, tristura etc.) coa axuda de diversos recursos para cada caso (claroscuro, puntos, liñas, cores etc.).
B2.4. Utilizar as TIC para a busca e tratamento de imaxes, como ferramentas para deseñar documentos.	EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias.
B2.5. Realizar producións plásticas, participando con interese e aplicación no traballo individual ou de forma cooperativa, respectando os materiais, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, e apreciando a correcta e precisa realización dos exercicios e das actividades, a orde e a limpeza, o respecto polas normas, as regras e os/as compañeiros/as.	EPB2.5.1. Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada. EPB2.5.3. Amosa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles VALORES CÍVICOS E SOCIAIS.	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Estructurar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva.	VSCB1.2.4. Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.
B1.4. Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.	VSCB1.4.2. Sabe facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso. VSCB1.4.1. Propón alternativas á resolución de problemas sociais.
B2.1. Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía.	VSCB2.1.3. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas e axudando a que sigan motivadas para expresarse.
B2.2. Iniciar, manter e finalizar conversas cunha maneira de falar adecuada aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que inhiben a comunicación para superar barreiras e os que permiten lograr proximidade.	VSCB2.2.2. Utiliza os elementos que contribúen ao diálogo. VSCB2.2.1. Comparte sentimentos durante o diálogo.
B2.4. Dialogar creando pensamentos compartidos con outras persoas para atopar o mellor argumento.	VSCB2.4.1 Infire e dá o sentido adecuado á expresión dos e das demais.
B3.1. Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos.	VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.
B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.	VSCB3.4.4. Analiza as emocións, sentimentos, posibles pensamentos e puntos de vista das partes en conflito. VSCB3.4.1. Resolve os conflitos de modo construtivo.

1. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN	<p>Procedementos: seguimento, análise e corrección das actividades e tarefas propostas polo profesorado, e que o alumnado entregará mediante os medios establecidos.</p> <p>A valoración do avance centrarase especialmente no ámbito da adquisición de destrezas e habilidades que favorezan a aprendizaxe competencial (como se priorizou ó longo de todo o curso).</p> <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">• Empregarase a plataforma E-dixgal e os rexistros de actividade e entrega de tarefas, (atendendo á individualización e adaptación ás características persoais). <p>Ademais poderanse empregar medios provistos como chats, foros de dúbidas, mensaxería de E-dixgal, e correos electrónicos.</p> <ul style="list-style-type: none">• Valorarase especialmente o <i>interese</i>, a <i>motivación</i> e <i>implicación</i> do alumnado no seguimento da actividade diaria, así como o <i>esfuerzo</i> e <i>participación activa</i> na construción da súa propia aprendizaxe e superación de dificultades.• Primarase a <i>calidade</i> das tarefas presentadas (axustadas ó requirido para cada unha) sobre a cantidade das mesmas, partindo do principio de individualización do ensino, respectando ritmos de traballo e aprendizaxe de cada alumno/a.
CUALIFICACIÓN FINAL	<p>Baseándonos na avaliación continua que estamos a levar, a nota final será igual ou superior á do 2º trimestre, nunca será máis baixa.</p> <ul style="list-style-type: none">• Todo o alumnado partirá da cualificación que ten acadada na 2ª avaliación, valorándose o traballo desenvolvido durante este 3º trimestre só no caso de beneficiarlo mellorando a súa cualificación final ata un máximo de 1 punto.• No caso de alumnado que, despois de empregar os medios para reincorporarlo á aula e que non teñen dificultades derivadas de medios tecnolóxicos ou da conexión a internet, non realice as tarefas, contará coa cualificación obtida na 2ª avaliación.• No caso do alumnado que, mantendo a conexión á aula con certa frecuencia non realice as tarefas recomendadas (tendo en conta que estas se concretarán para cada alumno/a en can-

	<p>tidade e dificultade en función da súa situación e necesidades persoais) ou estas non impliquen a superación das aprendizaxes imprescindibles seleccionadas, contará coa mesma cualificación que na 2º avaliación.</p>
--	---

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO, E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN)	
<p>Actividades</p>	<p>Propoñeranse actividades de repaso, reforzo e recuperación de cada materia. Ademais serán globalizadas para desenvolver as habilidades e destrezas, así como as competencias básicas e imprescindibles. Serán adaptadas ás necesidades do alumnado, tendo en conta tamén o tempo e formas de entrega. Basearanse na expresión, comprensión, investigación e desenvolvemento creativo.</p> <p>As actividades presentaranse semanalmente (de forma xeral), e irán acompañadas de cadansúa explicación, ou documento informativo.</p> <p>O alumnado conta con canles de comunicación diarios para solucionar posibles dúbidas (foros de dúbidas, mensaxería do EVA) favorecendo a intercomunicación e o vínculo con tod@s os seus compañeir@s e titor/a.</p> <p>Contemplase a realización de video chamadas programadas en función da porcentaxe de alumnado conectado.</p> <p>Aqueles alumnos que así precisen pola súa singularidade, contarán coa información respecto das actividades concretas que deben realizar (non tendo que realizalas todas).</p>
<p>Metodoloxía (alumnado conectado e non conectado)</p>	<p>A metodoloxía será activa e participativa (foros), baseándose nun traballo autónomo (con respaldo docente).</p> <p>Ademais seguirase co sistema de traballo que xa tiñan afianzado co Edixgal dende 5º de primaria.</p> <p>Unha parte mínima do alumnado ten dificultades coa conexión, pero estamos en contacto con eles mediante canles oficiais como Abalar ou a través da colaboración do concello.</p>

<p>Materiais e recursos</p>	<p>Empregamos a plataforma E-dixgal e correo electrónico. Tamén empregamos recursos elaborados polo profesorado como documentos propios, e recursos on-line, como vídeos, enlaces a webs. A conexión a internet, por tanto, faise imprescindible. O traballo do equipo docente fai que esta situación vaia solventado calquera problema que poida xurdir. Tamén contamos coa colaboración do Departamento de Orientación.</p>
------------------------------------	---

<p>4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE</p>	
<p>INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS E AO ALUMNADO</p>	<p>Empregaranse todos os medios existentes para establecer comunicación constantes coas familias e alumnado: E-dixgal: mensaxería, foros de dúbidas, axenda, tamén o correo electrónico. Así como as canles oficiais; Abalar.</p>
<p>PUBLICIDADE</p>	<p>Páxina web do centro escolar. Na plataforma de E-dixgal. A través de Abalar móvil.</p>

ANEXO: Todas as programacións son abertas e flexibles, podendo facer as modificacións oportunas que se estimen necesarias. Ademais, tendo en conta a situación actual de excepcionalidade, toda a programación poderá ser adaptada para favorecer ao alumnado en función das súas circunstancias e necesidades.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020



CENTRO: CEIP PLURILINGÜE DE SIGÜEIRO
NIVEL: 6º PRIMARIA
MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)
DATA: MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

NIVEL	Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	CC
6º	· B1.1. Identificar o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais en textos orais breves e sinxelos, con estruturas simples e léxico de uso frecuente, articulados con claridade, lentamente e transmitidos por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias e intereses en contextos cotiáns con apoio visual ou cunha clara referencia contextual.	PLEB1.5. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas, que traten sobre temas familiares. PLEB1.6. Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese, a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara.	CCL CD
	· B2.1. Participar de maneira simple e comprensible en conversas breves que requiran un intercambio directo de información sobre temas familiares utilizando expresións e frases sinxelas e de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos.	PLEB2.1. Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiáns ou do seu interese usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.	CCL
	· B3.1. Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos escritos , en formato impreso e dixital, breves e sinxelos, cun léxico de alta frecuencia, un tema familiar e cotián, consultando un dicionario e con apoio visual e contextual.	PLEB3.2. Comprende información esencial e específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, anuncios... PLEB3.3. Comprende correspondencia (correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela sobre temas familiares.	CCL CD CCEC
	· B4.1. Construír , en papel ou en soporte electrónico, textos escritos curtos e sinxelos, compostos de frases simples, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares.	PLEB4.2. Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou tweets) na que fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiáns, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.	CCL CD
	· B5.8. Manexar estruturas gramaticais e sintácticas básicas (tempos verbais, concordancia, enlazar palabras ou frases con conectores). · B5.9. Coñecer e utilizar un repertorio de léxico , tanto oral como escrito, de alta frecuencia relativo a situacións cotiáns e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses e experiencias.	PLEB5.13. Memoriza rutinas lingüísticas coñecidas para desenvolverse nas interaccións orais e escritas. PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar en interaccións, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.	CCL CSC CAA

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: A avaliación terá un carácter continuo e global, diagnóstico e formativo. Daráselle prioridade ao traballo levado a cabo durante a 1ª e 2ª avaliación, pero tamén se terán en conta as actividades desenvolvidas neste período, sempre e cando favorezan ao alumno/a; nunca para prexudicalo. Tomaranse como referencia as aprendizaxes imprescindibles para o nivel indicado.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> · Follas de rexistro de datos dos dous primeiros trimestres do curso (observación diaria, probas escritas e orais, caderno...). · Revisión do traballo persoal do alumno/a durante o período de suspensión de clases (só para mellorar as cualificacións). · Actividades autoavaliabes.
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Para adxudicar aos alumnos/as unha cualificación final, terase en conta o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e competencias imprescindibles previamente definidas. Farase media entre as dúas primeiras avaliacións, podendo obter un punto máis polo traballo voluntario levado a cabo no 3º trimestre.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre	
Actividades	Levaranse a cabo actividades de repaso, reforzo, recuperación e consolidación dos contidos traballados na 1ª e 2ª avaliación. Así mesmo, ampliaranse aquelas aprendizaxes realizadas con anterioridade, que requiran a mínima presenza do docente. Estas actividades centraranse nos bloques de comprensión oral e escrita, expresión escrita e coñecemento da lingua e consciencia intercultural. Tamén se levarán a cabo, de xeito ocasional, actividades de expresión oral a través de videoconferencia.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Ante todo, neste atípico 3º trimestre, pretendemos que o alumnado non sinta tan abruptamente a desconexión co colexio. Por iso, presentamos unha proposta de actividades por sesións, facilitando o establecemento dunhas rutinas diarias e favorecendo un certo hábito de estudo, sempre dentro da situación excepcional que estamos a vivir. Preténdese animar ao alumnado en todo momento e non sobrecargalo de tarefas.</p> <p>Queremos estar en contacto co alumnado e familias, para iso, ademais da comunicación a través da aplicación abalarMóbil e a mensaxería de eDixgal, facilitóuselles un correo electrónico no que poden plantexar as súas dúbidas e inquiredanzas.</p> <p>En canto ao alumnado con menos conectividade, mantemos contacto con el por vía telefónica ou a través da app abalarMóbil. A estes facilítanselles tarefas por diferentes vías: achegarlle fichas impresas a través dos servizos do concello, propostas de traballo que non requiren de equipos informáticos nin conexión (caderno de actividades)...</p>
Materiais e recursos	O alumnado continuará traballando a través da plataforma EVA e-Dixgal onde, a través da axenda dixital, accede á distribución de tarefas para cada sesión. Estas inclúen actividades online interactivas na propia plataforma, fichas imprimibles ou autocompletibles no ordenador, videos, audios... Con eles tamén se está a empregar a ferramenta Webex para videoconferencias que facilitou a Consellería. Outros materiais a disposición do alumnado son os cadernos de traballo, o perfil de twitter ou o portal web do centro.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A presente adaptación da programación para o 3º trimestre do curso 2019/2020 será publicada na páxina web do centro e faraselle chegar información da mesma ao alumnado e familias a través da aplicación abalarMóbil.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/20

CENTRO: CEIPP DE SIGÜEIRO
CURSO: 6º EP
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA
DATA: 13/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.
	EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza, e utilizando programas de presentación.
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas, en distintos contornos incluíndo a natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.
	EFB1.3.2. Demuestra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	EFB3.1.1. Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físicodeportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo- temporais e mantendo o equilibrio postural.
	EFB3.1.2. Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.
	EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físicodeportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes.
	EFB3.1.4 Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, tendo en conta os tres eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.
	EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.
	EFB3.1.6. Realiza e propón actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente do contorno e ás súas posibilidades.

B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.	EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.
B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.	EFB5.1.1. Interésase por mellorar as capacidades físicas.
	EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias.
B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.	EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.
B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades.	EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.
	EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.
B6.2. Coñecer, valorar e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.	EFB6.2.1. Expón as diferenzas, características e/ou relacións entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades natureza.
B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.	EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.
	EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Visualización e análise das producións do alumnado.
	Instrumentos: textos escritos e fundamentalmente vídeos.
Cualificación final	Será a nota media das dúas primeiras avaliaci3ns. O traballo e esforzo mostrado nas actividades feitas e enviadas de xeito voluntario polo alumnado no 3º trimestre valoraranse unicamente de maneira positiva (ata un punto como máximo), despois de facer a media das notas das dúas primeiras avaliaci3ns.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP SIGÜEIRO
CURSO: 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: EDUCACIÓN MUSICAL
DEPARTAMENTO: EDUCACIÓN ARTÍSTICA (MÚSICA)
DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2019-2020, NOS CENTROS DOCENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).**
- 4. Información e publicidade.**

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>En 6º de Educación Primaria avalíu un 50% polo traballo, actitude e interese, participación e esforzo, habilidades e capacidades musicais, e pola corrección trimestral das fichas realizadas no caderno musical; e o outro 50% da nota, terá en conta o resultado da proba trimestral de frauta, en canto a execución, dixitación, sopro, manexo e soltura; así como a comprensión básica dos elementos musicais elementais, da partitura a tocar polo alumno ou alumna.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: <p>O alumnado será avaliado tendo en conta as anotacións semanais no rexistro de datos na miña libreta das distintas clases, en canto ao seu traballo, actitude, interese, participación e esforzo cara a materia; ademais dos procedementos indicados por cursos na páxina anterior. Serán en conta as cualificacións da primeira e segunda avaliación, neste último trimestre, tendo en conta o interese polos alumnos, en canto a continuidade da súa aprendizaxe, sempre beneficiándoos.</p>
	Instrumentos:
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>O alumnado será avaliado tendo en conta as anotacións semanais no rexistro de datos na miña libreta das distintas clases, en canto ao seu traballo, actitude, interese, participación e esforzo cara a materia; ademais dos procedementos indicados por cursos na páxina anterior. Serán tidas en conta as cualificacións da primeira e segunda avaliación, neste último trimestre, tendo en conta o interese amosado polos alumnos, en canto a continuidade da súa aprendizaxe, sempre beneficiándoos.</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<p>Na aula virtual do colexio semanalmente, desde que empezou o confinamento, colgo actividades musicais todos os domingos para a semana correspondente, son actividades interactivas , de repaso e reforzo, dos obxectivos e contidos aprendidos durante os 2 primeiros trimestres do curso.</p> <p>1ª Semana : Aprendo música con las tic: Aprendo ritmos.</p> <p>2ª Semana: Smile and learn: Instrumentos para niños. educ@contic: xogos de linguaxe musical, tempos, voces, instrumentos, aforcados.... Escoita de música relaxante Vangelis, Enya, Mike Olfied, Gwedal. Karaoke en liña.</p> <p>3ª Semana: Baile nixeriano de benvinda de principio de curso: `` Funga Alafia´´. Visualización do vídeo, cantamos e bailamos a canción.</p> <p>4ª Semana: Visualización do vídeo ``12 instrumentos musicais con materiais de uso cotiá´´. Visualización e escoita a Orquestra de Instrumentos Reciclados de Cateura- Paraguai. Educaplay música: Encrucillado dos instrumentos da aula. Encrucillado de voces humanas. Selecciona o ritmo es as súas células rítmicas correspondentes. Pasapalabra musical do instrumento correspondente. Versión Rock Resistiré 2020.`` Los Monos voadores del Señor Burns´´.</p> <p>5ª Semana: Ficha das partes da gaita galega e a solución correspondente . Vídeo e escoita do son das distintas partes da gaita. Vídeos de cancións de gaiteiros como Susana Seivane, Cristina Pato e gaiteiros como Xosé Manuel Budiño e Carlos Núñez. Wikipedia información sobre a gaita galega. Grupo musical da Coruña `` Bastards on Parade´´, combinan o punk coa gaita.</p> <p>6ª Semana: ``A orquestra e os seus instrumentos´´. Si- La- Sol . Le ,clica e observa a súa colocación correcta no pentagrama. Toca coa frauta as 3 notas que xa sabes si –la –sol.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Co alumnado mantíveme comunicado a través das titorías ao principio, para posteriormente facelo tamén a través da mensaxería de Abalar en avisos a grupos. Indicando o lugar onde estaban colgadas as actividades musicais , a data na que se colgaban todas as semanas, tipo de actividades de repaso e interactivas; e o meu correo electrónico para calquera dubida, sempre en beneficio do alumnado polo interese amosado neste trimestre.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</p> <p>Co alumnado mantívénme comunicado a través das titorías ao principio, para posteriormente facelo tamén a través da mensaxería de Abalar en avisos a grupos. Indicando o lugar onde estaban colgadas as actividades musicais, a data na que se colgaban todas as semanas, tipo de actividades de repaso e interactivas; e o meu correo electrónico para calquera dubida. A presente adaptación da programación para o 3º trimestre do curso 2019-20, será publicada na páxina web do centro e, faráselle chegar a información da mesma, ao alumnado e as familias a través da aplicación abalarMovil.</p>
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Identificar o sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos en lingua estándar, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses.	1.1. Comprende, en mensaxes e anuncios públicos, información moi sinxela (por exemplo, números, prezos, horarios), sempre que estea articulada a velocidade lenta e de xeito claro, e non haxa interferencias que distorsionen a mensaxe.
2. Interactuar de xeito básico, utilizando técnicas moi simples, lingüísticas ou non verbais (páx. e. xestos ou contacto físico) para iniciar, manter ou concluír unha breve conversación.	2.2. Entende a información esencial en conversacións breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar
3. Construír textos orais moi básicos e participar de xeito moi simple pero comprensible en conversacións moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares (un mesmo, o ámbito inmediato, persoas, lugares, obxectos e actividades, gustos e opinións).	3.1. Fai presentacións moi breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiáns ou do seu interese (presentarse e presentar outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e os seus estudos; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de xeito sinxelo persoas ou obxectos; dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión usando estruturas elementais).
4. Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas	4.1. Elabora en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, para falar de si mesmo, da súa familia, da súa vida cotiá, con léxico de alta frecuencia, apoios

<p>básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, do seu ámbito máis inmediato e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións moi familiares e predicibles.</p>	<p>visuais, e frases feitas.</p>
<p>5. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.</p>	<p>5.1. Comprende, con apoio visual, o esencial de instrucións e indicacións sinxelas, e información básica, en notas, letreiros e carteis.</p>

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedemento:</p> <p>Valorarase o seguimento da actividade por parte do alumnado a través das propostas de traballo semanais presentadas na aula virtual do EVA.</p>
	<p>Instrumentos :</p> <p>O principal instrumento de avaliación durante este 3º trimestre será seguimento continuado do traballo diario</p> <ul style="list-style-type: none"> • A realización das tarefas propostas • Rexistro da actividade na plataforma EVA E-Dixgal) <p>Valorarase especialmente o interese, a motivación e implicación do alumnado no seguimento da actividade diaria, así como o esforzo e participación .</p> <p>Primarase a calidade das tarefas presentadas (axustadas ó requirido para cada unha) sobre a cantidade das mesmas, partindo do principio de individualización do ensino, respectando ritmos de traballo e aprendizaxe de cada alumno/a, e valorando sempre as mesmas en función da evolución individual de cada un.</p>
Cualificación final	<p>O alumnado será avaliado tendo en conta as cualificacións da primeira e segunda avaliación.</p> <p>Valorándose o traballo desenvolvido durante este 3º trimestre só no caso de beneficialo mellorando a súa cualificación final .</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Avaliación de materia pendentas	<p>Criterios de avaliación:</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Todas actividades contarán cunha explicación detallada para guiar o traballo.</p> <p>Subiranse tarefas novas cada semana e iranse pechado as que levan máis de 4 semanas abertas para evitar a saturación do curso, facilitar o seguimento e respectar o ritmo de traballo de cada quen.</p> <p>O alumnado contará con canles diarios para consultar as dúbidas recibindo o feedback preciso e favorecendo a comunicación co grupo e coidando do vínculo afectivo (foro de dúbidas , mensaxería E-Dixgal) .</p> <p>Aqueles alumnos que así precisen pola súa singularidade, contarán coa información respecto das actividades concretas que deben realizar (non tendo que realizalas todas).</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>No nivel de 6º a maioría do alumnado conta con conectividade para poder seguir o traballo durante este 3º trimestre. Contamos con tres casos puntuais con problemas de conexión para o que se lles facilitarán os medios técnicos precisos dende o Concello.</p> <p>No caso de alumnado desconectado identificaranse as causas comunicando coas familias a través das canles oficiais, transmitíndolles a importancia de seguir na medida do posible as actividades propostas e tentando reincorporalo/a á dinámica de traballo actual o antes posible.</p> <p>A metodoloxía de traballo estará centrada na construción activa da aprendizaxe por parte do alumnado continuando coa liña que se viña empregando durante o curso a través da plataforma EVA E-Dixgal e de materiais dixitais, prescindindo da parte da observación directa e traballo de aula.</p>
Materiais e recursos	<p>O principal recurso é a Aula Virtual de plataforma EVA (E-Dixgal).</p> <p>Os materias son os mesmos que empregamos durante o curso; libros dixitais, recursos interactivos, presentacións, vídeos, titoriais ferramentas ofimáticas (Writer, Impress)</p> <p>O ordenador e a conexión a internet son os elementos materias imprescindibles.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Empregaremos preferentemente as canles oficiais. <ul style="list-style-type: none">○ Comunicación as familias a través de AbalarMóbil (xa que todas dispoñen deste medio)○ Comunicación coas familias a través do sistema de mensaxería da aula virtual E-Dixgal.○ Comunicación a través das titorías.○ A presente adaptación da programación para o 3º trimestre do curso 2019/2020, subirase ao apartado de información da aula virtual e-Dixgal, publicarase na web do centro e faráselle chegar a información da mesma ao alumnado e ás familias a través de AbalarMóbil.
Publicidade	<ul style="list-style-type: none">— Publicación na páxina web do centro.— Publicación na aula virtual E-Dixgal.— Avisos da publicación a través de Abalar .— Blog de Francés

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.
CURSO 2019/2020
NIVEL: 6º DE PRIMARIA
MATERIA: RELIXIÓN CATÓLICA**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

PÁXINA 1 DE 5

CENTRO:
CURSO:
MATERIA

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none">• Exercicios do libro ou da guía que traballen sobre os estándares definidos na unidade.• Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.• Produtos finais derivados de tarefas aplicadas en contexto real.• Debuxos que representen aquilo que aprenderon.• Diferentes ferramentas de auto e coavaliación do traballo realizado..
	<p>Instrumentos:</p> <p>Escaleira de avaliación sobre a aprendizaxe de valores</p> <p>Diario reflexivo sobre as miñas aprendizaxes respecto aos contidos básicos</p> <p>Escala de observación: rutina sobre as actividades «traballo coa imaxe / penso e opino»</p> <p>Rexistro de avaliación do profesorado sobre os exercicios nos que se contan experiencias</p> <p>Escala de avaliación do traballo de investigación.</p> <p>Guión para portfolio coa recollida de evidencias de estándares de aprendizaxe.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Suma das dúas primeiras avaliacións e media.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Fichas de repaso e reforzo.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Proposta de actividades voluntarias na aula virtual do centro.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio da etapa. Esta atención permitirá combinar de xeito adecuado o concreto e o abstracto, o traballo individual, o manipulativo, experiencial e visual cos aspectos conceptuais.</p> <p>Pola situación de Pandemia e a non asistencia ao centro non propoño traballos en grupo, por outra banda tan importantes nesta etapa.</p> <p>Comunicación a través das titorías e da aula virtual do Centro para envío de actividades.</p> <p>Registro diario e arquivo de materiais.</p>
Materiais e recursos	<p>Libro do alumno para a área de Relixión e Moral Católica de 6.º EP en diferentes soportes.</p> <p>Libro de oracións Rezo con Xesús de 6.º de EP.</p> <p>Proposta didáctica para Relixión e Moral Católica de 6º EP na aula virtual.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Esta adaptación da programación publicarase na web do centro e faraselles chegar ás familias por abalarMobil.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.